

Programa

19.00h **Presentación da Xornada**  
**José Ramón Franco Caaveiro**  
Presidente Asociación de Empresarios Ferrolterra

19.05h **Xornada: “Unha Transformación do negocio e da organización”**

a cargo de:  
**Miguel Vidal Maroño Artabro Tech e**  
**Eugenia Juncal Fernández Grupo Atlante**

**Xornada sobre transformación dixital**

**18 de decembro de 2019**  
ás 19.00h

**Unha transformación do negocio e da organización**

**ferrolterra**  
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

A **Asociación de Empresarios Ferrolterra (AEF)** é unha organización intersectorial que agrupa a empresarios e profesionais das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. Con máis de 25 anos de traxectoria, a entidade representa a empresas de practicamente todos os sectores, con especial importancia do eido Industrial.

Inscripcións: 981 333 305  
info@empresarios-ferrolterra.org

[www.empresarios-ferrolterra.org](http://www.empresarios-ferrolterra.org)


Organiza:

**ferrolterra**  
ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

Financia  
**Deputación DA CORUÑA**



# Unha transformación do negocio e da organización



CTO da startup ferrolá Ártabro Tech. É doutor en Física de Partículas pola Universidade Complutense de Madrid e licenciado en Física pola USC. Desenvolveu o seu traballo doutoral no Fermilab, en Chicago, onde está o segundo acelerador de partículas máis potente do mundo, e despois pasou ao primeiro, no CERN (Xenebra), para integrarse no equipo de investigación do bosón de Higgs. Formou parte, por tanto, do equipo científico que descubriu a chamada “partícula de Deus” e que mereceu o premio Nobel de Física no ano 2013.

O pasado ano 2018 incorporouse á empresa Ártabro Tech, na súa cidade natal. A startup está especializada no desenvolvemento de solucións tecnolóxicas a medida para empresas e industrias, especialmente no eido da Intelixencia Artificial, e acaba de gañar o Premio Innovación de Sacyr na súa novena edición.



# Eugenia Juncal Fernández

Nas últimas décadas experimentamos un cambio dos modelos de negocio debido á transformación dixital. A caída de compañías líderes nos seus sectores e a disrupción por parte de empresas tecnolóxicas cambiou o panorama empresarial de diversas formas, desde os sistemas produtivos ata a relación cos clientes.

Nesta xornada amosaremos exemplos desta transformación e as súas consecuencias, pero tamén a maneira en que as tecnoloxías afectan, ou non, a empresas da nosa contorna. Á vez, veremos como a adaptación a estes cambios impacta na organización mesma das empresas.

Así, a primeira parte da xornada estará enfocada a falar da tecnoloxía en si mesma. Miguel Vidal (Ártabro Tech) abordará os cambios que se están a producir e os que están por vir, así como a maneira en que estes avances van a afectar ás empresas non tecnolóxicas. Na segunda parte, Eugenia Juncal (Grupo Atlante) vai analizar a forma de afrontar esta transformación desde o punto de vista das persoas e das estruturas organizativas.

# Miguel Vidal Maroño



Directora de Área de Grupo Atlante. É licenciada en Químicas pola USC e máster en Xestión Industrial pola EOI de Madrid; posgrado en Dirección Estratéxica da Innovación pola Universidad Oberta de Cataluña; ten a certificación como Facilitador en Design Thinking (Creativity Certification Program) e formación en Transformación Dixital polo Massachusetts Institute Technology (MIT).

Conta con máis de 20 anos de experiencia en consultoría no eido da calidade e a innovación. Traballou con entidades públicas e privadas, tanto empresas, clústeres e asociacións empresariais como administración autonómica e local, universidades e centros tecnolóxicos. Participou en proxectos relacionados coa transformación organizativa, novos modelos de xestión, desenvolvemento de proxectos innovadores, mellora e eficiencia de procesos de xestión, programas de impulso ao talento, etc.

